

CARTA QUE DENDE A SÚA ALDEA

Carta que dende a súa aldea
manda un abogado novo
a un seu amigo do pobo
para que soilo el a lea.

Sr. D. Xoán Mella

Querido Xan: (Que un mal raio
non me coma, si che minto)
¡Que pena tan grande sinto
nesta miña cas de Baio!

10 Estou de abogado novo
as consultas esperando
com'o can que está axexando
conexos ó pé de tobo.

15 I espero... i espero en vano
pola consulta primeira;
mais... ¡Buche! ¡Vaiche na feira!,
non chega... ¡Nin un peisano!

20 Pois pásame... ¡Malpocado!,
com'aquel que, sin chaveta,
esperaba coa escopeta
as lebres no seu tellado;

fiado naquel refrán
que di: (Esta cita dispensa)
<< Que alí onde menos se pensa
salta a lebre,>> amigo Xan.

25 Que hoxe no día, (é probado
neste oficio non se medra,
¡pois detrás de cada pedra
atópase un abogado!

30 E xa calzan tantos puntos
hoxe os homes... ¡Vaiche boa!,
que sabe máis unha estoa,
que sete abogados xuntos.

35 I as costumes levan feito
tanto adianto acó na xente,
que todo bicho vivente
sabe xa... terse ó dereito.

- 40 E n'hai cristiano nin mouro
(sobre todo si é marido,
que non teña deprendido
un pouco de... ¡Leis de Touro!
- E hai persoas maldecidas,
que a ialma tran ó rivés,
que o menos que fan ó mes
son... ¡Sete malas Partidas!
- 45 E hai xente acó no Concello
tan atrás e tan finchada,
que che ten... (¡Non digo nada!)
máis fuero... ¡Que O Fuero vello!
- 50 E n'hai moza de valía
que non consulte, con creces,
o Espéculo vinte veces
nas horas que ten o día.
- ¡E hai nena tan suripanta
que estila unha sal...! Cavilo...
55 ¡Que as mesmas Leis do Estilo
do demo si estilan tanta!
- E hai mulleriñas... ¡Dios Santo!
que ordenan elas... ¡O vento!
¡Nin o mesmo Ordenamento
60 é capás de ordenar tanto!
- E hai vella... ¡Condenación!
Que acó argalla i aló argalla...
Fai ela soa... ¡Non malla!
¡Unha Recopilación!
- 65 E por este Aiuntamiento
hai quen, posto a preitear,
¡é capaz de enxuiciar
a Lei de Enxuiciamento!
- 70 Lévanse eiquí como cans
polo demo da política.
Acó... ¡Hai que entender a química
ou saber xogos de mans!
- Chico, esto éche unha comedia.
Basta que che diga a ti...
75 ¡Que o que menos corre eiquí
está xa de volta e media!

En fin, home, hastra me temo
 que acó de tanto saber,
 ¡hai quen lle pode facer
 80 competencia ó mesmo demo!

Ten dous bandos o lugar
 e hai que estar a velas vir,
 ¡pois cando uns van a subir,
 tócalle ós outros baixar!

85 Eu, xa sabes, son prudente
 e non me gusta arriscarme,
 pro co tempo... ¡Hei de arrimarme
 ó solíño que máis quente!

90 Mais entramentres non medro
 co que uns e outros me dan...
 ¡Si vou con Xan, pau de Pedro!
 Si con Pedro, ¡pau de Xan!

95 ¡Si eu me vira cal te ves
 e ti acó no meu pelexo!
 ¡Ai Xesús, como me eu vexo!
 ¡Esto éche... Jauja ó rivés!

100 Xa teño o caletre choco
 con tantas cavilacións
 e digo prós meus botón:
 <<¡Seique hai que... toca-lo zoco!>>

Pois home hai (¡falo formal!)
 acó sin sangue nas venas,
 que leva ás costas máis penas
 que as do Código penal.

105 Estamos sin deputado
 por acó Xan... ¡Anque temos
 dous a falta dun! ¡Veremos
 cal dos dous virá aprobado!

110 Que ó que veña... (¡Por testigo
 poño a Dios!)... ¡Trompo na uña!
 ¡Heille de meter tal cuña,
 que ha de ser... de man de amigo!

115 I eiquí, chico, (¡non é broma!)
 fago punto. ¡Tolería!
 ¡Ai, cando chegará o día
 que me digan: Punto... e coma!

Adiós, faise longa a carta
i o que é moi longo molesta.
¡Dios che dé forza na testa!
Teu sempre... Enrique Labarta.